



Recordatorio de deberes legais dirixido á Consellería do Medio Rural debido á inactividade de Medio Rural ante unha denuncia por plantación ilegal de eucaliptos

Expediente: F.11.Q/1912/22

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2022

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D^a XXX referente á inactividade de Medio Rural ante unha denuncia por plantación ilegal de eucaliptos.

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información á Consellería do Medio Rural que xa nola remitiu. No informe achegado pola consellería sinálase o seguinte:

“Con data de 29/04/2022 recibíuse na Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Secretaria Xeral Técnica solicitude de informe pola queixa presentada por D.^a XXX ante a Valedora do Pobo.

No dito escrito D.^aXXX, en síntese, mostra a súa queixa polo que considera inactividade a actuacións inadecuadas por parte desta Administración ante a denuncia por plantación ilegal de eucaliptos presentada por ela, alegando que se deu un prazo de 3 meses para levantar a dita plantación e 2 anos despois segue crescendo. Engade que presentou denuncia e documentación xustificativa dos feitos e que malia que lle contestaron non foi considerada como parte interesada no procedemento e non ten resolución das actuacións realizadas Entende que non se actuou debidamente contra os infractores e que resultan beneficiados xa que 3 anos despois a plantación segue crescendo. Considera que non debe compensar o pago das multas cos beneficios que se poida obter coa venda da plantación ilegal.

A valedora do Pobo solicita que se lle facilite información sobre o problema que motivou a queixa e en particular sobre a situación de tramitación procedimental na que se atopa o expediente.

Consideracións

1ª D.ª XXX mostra a súa queixa polo que considera inactividade a actuacións inadecuadas por parte da Administración ante a denuncia presentada por ela, polo que se procede a relatar as actuacións realizadas tras a súa denuncia e as contestacións aos escritos por ela presentados:

- O día 02.05.2019 xxx presenta denuncia na Xefatura Territorial de Coruña por plantación ilegal de eucaliptos na parcela 187 do polígono 501 de Vilasantar, A Coruña.

- Con data do 12.07.2019 o xefe de Sección do Servizo de Montes na Coruña comunícalle á denunciante que segundo acta do Distrito Forestal de 04.07.2019 a plantación non incumpre a norma, polo que se archiva a denuncia.

-Con data do 08.08.2019 XXX solicita do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña informe documentado do destino asignado a dita parcela no proceso de concentración parcelaria e do plan de cultivos ou forestal no seu caso.

- O 25.09.2019 o Servizo de Infraestruturas Agrarias da Coruña informa á solicitante que na Acta de Reorganización da propiedade de 10.07.1995 a finca 187 está dedicada a "prado seco e monte".

- O día 10.01.2020 XXX presenta un escrito dirixido ao Servizo Xurídico Administrativo da Coruña solicitando coñecer o estado de tramitación da denuncia presentada por ela o 02.05.2019.

- Con data do 21.02.2020 a xefa do Servizo Xurídico Administrativo da Coruña remitiulle contestación ao seu escrito do 10.01.2020 informándoa de que hai unha acta de inspección de 13.08.2019 do Distrito Forestal 11 na que se da conta de que a parcela tiña dous usos con anterioridade: a metade plantada con eucaliptos e a metade a prado, e que tras a corta do arborado no día da acta toda ela esta plantada con eucaliptos, e que a parcela está cualificada no PXOM do Concello (1998) como solo de especial protección agropecuaria, de que se lle vai remitir requirimento ao denunciado, segundo o establecido no artigo 67 bis da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, para levantar a plantación no prazo de 3 meses, tras o que, de non recibir comunicación, se procederá á comprobación, e de persistir a conduta iniciaríase un procedemento sancionador.

- O día 18.11.2020 XXX presenta electrónicamente un escrito mostrando o seu descontento porque se filtrou a súa denuncia, existen actas contraditorias, non se lle deu información do autor da acta equivocada, alegando demora indebida dado que a plantación segue igual.

- Con data do 27.11.2020 a xefa do Servizo Xurídico Administrativo da Coruña solicita informe ao Distrito sobre o alegado pola solicitante, así como unha acta de comprobación da situación naquel momento cos datos necesarios para poder incoar o procedemento correspondente.

- O día 03.12.2020 o Distrito Forestal estende unha nova acta de comprobación da parcela.
- O mesmo día o 03.12.2020 o axente inspector das actas do 04.07.2019 e do 13.08.2019 elabora un informe complementaria aclaratorio da contradición existente nelas.
- O día 19.01.2021 a xefa do Servizo Xurídico Administrativo da Coruña remitiulle contestación ao escrito presentado por XXX o 18.11.2020 informándoa de que houbo un erro de apreciación na primeira acta de inspección (04.07.2019), ao constatar un cumprimento de normas, e que a segunda acta do 13.08.2019 estaba a seguir a tramitación ordinaria consistente en remitirlle un requirimento ao denunciado para que poida emendar a situación nun prazo de 3 meses, pero que, para evitar actuacións de corta nos meses de máximo risco de incendio, todos os requirimentos se remiten entre novembro e marzo, remitíndose no ano 2020 os correspondentes ao ano 2019 ao acumularse moitos e ter certo atraso. Asemade informouna que a acta levantada o 13.08.2019 rexistrouse co núm. 1174-2019 polo que, seguindo a orde de rexistro de entrada o requirimento notificouse ao denunciado o 30.11.2020 e que non contestou nada, remitíndolle copia das actas citadas, do informe complementario y da nova acta de comprobación do 03.12.2020.
- Con data do 18.02.2021 iniciouse o procedemento sancionador XXXpor plantación ilegal na dita parcela.
- O día 03.03.2021 XXX presenta electrónicamente un escrito no que solicita coñecer o estado das dilixencias de requirimento e que se inicie o procedemento canto antes e non se dilate, sendo informada da iniciación do procedemento.
- Con data do 05.10.2021 XXXpresenta electrónicamente un escrito no que solicita que se dite resolución no procedemento XXXque se sancione aos interesados e que se impoñan multas coercitivas que impidan que os infractores se beneficien da plantación, así como que se lle comuniquen as actuacións que se leven a cabo no dito procedemento.
- O día 15.11.2021 o director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, ditou resolución sancionadora no procedemento XXX.
- O día 25.11.2021 o director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, comunicoulle á solicitante que ao non resultar acreditado que sexa titular de dereitos, nin de intereses lexítimos que se vexan afectados pola resolución que no marco do dito procedemento se adopte non pode considerárselle como interesada no dito procedemento, nin, en consecuencia, dárselle traslado das actuacións levadas a cabo no mesmo.

- Con data do 26.11.2021 XXX presenta electronicamente un escrito no que mostra o seu descontento polo feito de que non se lle considere como interesada no procedemento, alegando que se lle debe comunicar a resolución final do procedemento, dado que a plantación ilegal segue en pé.
- O día 13.05.2022 o director xeral de Planificación e Ordenación Forestal explícalle á solicitante a normativa e xurisprudencia que xustifican que non poda considerárselle como interesada no dito procedemento XXX, nin, en consecuencia, dárselle traslado das actuacións levadas a cabo no mesmo, recordándolle a cumprida contestación que tiveron todos os seus escritos así como as solicitudes de información realizadas vía telefónica e por correo electrónico, informándoa dos prazos e tramites que seguen as resolucións dos procedementos administrativos en materia de montes.

2ª Situación de tramitación procedimental na que se atopa o expediente.

Tras realizar o requirimento establecido legalmente, do que se deu conta na anterior consideración con data do 18.02.2021 foi iniciado o expediente sancionador XXX pola comisión dunha infracción administrativa grave tipificada na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Tras a correspondente tramitación, o día 15.11.2021 o director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, ditou resolución no dito procedemento, estando a día de hoxe a dita resolución pendente da resolución do recurso de alzada interposto contra a mesma.

Conclusións

A vista das numerosas comunicacións remitidas á XXX dende a Consellería do Medio Rural tras a denuncia por ela presentada e en contestación aos seus escritos, chamadas e correos electrónicos, entendemos que non pode falarse de inactividade por parte desta Administración.

As actuacións realizadas para a comprobación dos feitos denunciados, o requirimento aos propietarios da finca na que existía a plantación ilegal e a tramitación do procedemento administrativo correspondente seguiron os tramites e prazos legais de aplicación, resultando que nestes momentos a resolución esta pendente da resolución do recurso de alzada interposto contra a mesma.”

Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da queixa e o exposto no informe remitido, observase que se tivo en conta a denuncia, foron contestados os escritos, chamadas telefónicas, e correos electrónicos da interesada, e iniciouse o correspondente procedemento

sancionador os propietarios da finca correspondente. Polo demais, comprobáronse os feitos denunciados, iniciando, o 18 febreiro de 2021 a tramitación do procedemento administrativo correspondente. Neste momento e de acordo co informe que nos remiten, a día de hoxe, a resolución do expediente atopase aínda pendente de resolución por parte desa consellería.

Polo exposto, e á vista da dilatación na tramitación deste procedemento, convén recordar aquí a obrigatoriedade das administracións públicas de dar resposta as peticións e cuestións que lle presenten os cidadáns nun prazo prudencial, o que nos leva a facer as seguintes:

CONSIDERACIONES

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas :

- A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en tódolos procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación, exceptuándose os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, así coma os procedementos relativos ao exercicio de dereitos sometidos unicamente ao deber de declaración responsable ou comunicación á Administración.

- O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento, si ben este prazo non poderá exceder de seis meses salvo que unha norma con rango de Lei estableza un maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea.

- Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo , este será de tres meses.

-O persoal ao servizo das Administracións Públicas que teñan ao seu cargo o despacho dos asuntos, así coma os titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver sos directamente responsables, no ámbito das súas competencias, do cumprimento da obriga legal de ditar resolución expresa en prazo.

O incumprimento de dita obriga dará lugar á esixencia de responsabilidade disciplinaria , sen prexuízo da que houbera lugar de acordo coa normativa aplicable.

SEGUNDA.- Pola súa banda o artigo 29 da xa citada Lei 39/2015, de 1 de outubro, establece que os termos e prazos establecidos nesa e noutras leis obrigan ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos .

TERCEIRA.- Destacar tamén que tanto o artigo 103 da Constitución Española como o artigo 3 da Lei 40/2015, o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establecen que a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa con sometemento pleno á Lei e ao Dereito.

Por todo o exposto ata agora considérase necesario , en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Medio Rural o seguinte:

RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS

Recordámoslle que na tramitación dos expedientes deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución estando obrigado a ditar resolución expresa nos prazos legalmente previstos.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén, que o abeiro la lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.



Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo